

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

Por qué baixar as ratios? **STEG Opina**

Nos últimos tempos vemos como se multiplica exponencialmente a esixencia sobre as competencias do profesorado. Non só a programación e ensinanza das áreas encomendadas, senón que deben atender á diversidade, seguindo os numerosos protocolos que da Consellería para dar a atención debida ó alumnado. Isto implica que deben ter en conta todas as necesidades que se poden atopar os alumnos e alumnas no proceso de ensino- aprendizaxe, pero tamén, que deben estar pendentes da saúde e do benestar emocional, favorecendo un bo clima de convivencia na aula.

Tal e como o mesmo Conselleiro, Román Rodríguez, verbalizou na súa intervención no I Congreso de Benestar e Saúde Emocional, “a convivencia [...] esixe dunha dedicación e esforzo por parte do sistema educativo e dos docentes en particular”. Preguntámonos que esforzo está facendo a Consellería por ocuparse pola saúde e benestar da comunidade educativa máis alá de presionar ao profesorado con múltiples esixencias que fan que o labor docente se estea convertendo nun traballo inabarcable. O esforzo da Consellería pasa por incumprir a súa propia normativa en canto a ratios de alumnado por aula?

A alta participación docente neste Congreso reflicte a preocupación de todo o profesorado por atender ao desenvolvemento integral do noso alumnado. A situación social actual require esforzos, si, pero estes non poden ir nin en detrimento da calidade educativa nin dos dereitos laborais das docentes deste país.

A Consellería ten que amosar con feitos a súa vontade de mellorar a convivencia nas aulas, se é que realmente a ten. Nós dubidámolo. É o momento de implicarse, de baixar á realidade das aulas, reducindo as ratios para que a calidade educativa e a atención á diversidade non estea só nos documentos. Chegou o momento de converxer cos países con maior calidade educativa xa que, como sinala o informe “Panorama da educación. Indicadores da OCDE 2019”, temos unha ratios superiores a media europea, e por riba, mentres esa media está a baixar nos últimos anos para tódalas etapas educativas no conxunto de ditos Estados, as nosas aulas seguen estancadas coa mesma ratio.

Por todo iso, dende o STEG cremos que é o momento para que a Consellería se comprometa, tal e como se está a facer noutras comunidades, cunha redución inmediata de ratios a 20 alumnos e alumnas en infantil e primaria, 25 en secundaria, e 30 en bacharelato. Pensamos que estas cifras poñen o ensino público galego no camiño cara unha educación pública e de calidade.